

REQUISITOS PARA A SOLICITUDE DE FASES FINAIS

1

Todos os clubs ou institucións interesados/as deben enviar o formulario debidamente cumprimentado en tempo e forma. O formulario é o seguinte:

<https://forms.gle/WuFTcSAtbQe24ggL9>

Calquera solicitude que non cumpra os seguintes requisitos será desestimada de xeito automático:

1. Estar ao día economicamente coa Federación Galega de Balonmán en canto aos pagos de: mutualidade, arbitraxes, sancións, dereitos de participación ou calquera concepto relacionado coa organización de encontros ou fases de competicións organizadas pola FGBm.
2. Ter correctamente metidos todos os datos de contacto do club na plataforma MiSquad, ademais de ter subidos os seguintes documentos:
 - CIF
 - Estatutos
 - Acta de Xunta Directiva debidamente actualizada no rexistro da Secretaría Xeral Para o Deporte da Xunta de Galicia.
3. Non ter ningunha sanción por parte do Comité de Competición da FGBm relacionada coa violencia no deporte na presente campaña (Cartón Violeta).

2

IMPORTANTE: Lembramos que por acordo da Asemblea, calquera club ou institución poderán solicitar a organización de calquera Fase Final independentemente de que sexan participantes ou non, podendo solicitar en total un máximo de tres fases finais por club ou institución.

A Federación Galega de Balonmán asinará un convenio coa institución organizadora onde se concederá oficialmente a fase e onde figurarán as condicións da mesma; de haber unha solicitude por parte dunha institución, se hai club local, este debe estar ao día economicamente coa FGBm no momento da concesión.

REQUISITOS PARA CELEBRACIÓN DE FASES FINAIS

Será de obrigado cumprimento por parte dos organizadores:

- **ACTO DE PRESENTACIÓN:** Dentro dos dez días previos á celebración da fase deberá realizarse unha presentación oficial aos medios de comunicación do evento onde o club debe convidar a: Federación Galega de Balonmán, Secretaría Xeral Para o Deporte, Deputación Provincial e Concello, ademais de patrocinadores ou colaboradores que considere o club.

- **STREAMING:** Reproducir por Streaming a través da plataforma MiSquad os encontros das fases finais, agás no caso das categorías alevíns e benxamíns. A FGBm colaborará na formación e asesoramento para a realización desta tarefa; ademais o organizador debe subir os vídeos á plataforma da FGBm nun prazo máximo de 10 días dende o remate da fase, de non ser posible debe envialos por wetransfer a a.tecnica@fgbalonman.com.

3

- **CONEXIÓN A INTERNET NA MESA:** Debe poñerse a disposición dos anotadores/as un ordenador (se non a FGBm poderá deixar un) unha conexión a internet para poder realizar o seguimento en directo dos encontros, pode ser a través dun router 4G, un móbil, cable, etc...
- **MEGAFONÍA:** Debe haber unha megafonía que permita poñer música e realizar as presentacións dos xogadores/as.
- **SALA REUNIÓN TÉCNICA:** Debe habilitarse unha sala con capacidade para unha persoa por equipo para realizar a reunión técnica unha hora antes de comezar a competición o primeiro día .
- **AMBULANCIA OU MÉDICO:** Será responsabilidade do organizador ter un médico ou ambulancia a unha distancia próxima ao evento, para que en caso de urxencia poida dar asistencia dun xeito eficaz. Recordamos que a FGBm ten un acordo con Ambulancias COEXAM, no que por 250€ cubriría tres días de sector (4 horas por día).
- **TENDA FGBm:** Habilitar unha zona de 3 metros cadrados na instalación de xogo a disposición da FGBm para colocar unha tenda.
- **OFERTA DE ALOXAMENTO:** O Organizador debe presentar unha oferta de aloxamento en réxime de pensión completa nun lugar o máis próximo posible á instalación de xogo, esta oferta debe presentarse en tempo e formar coa solicitude. É recomendable presentar diferentes alternativas.
- **TROFEOS E MEDALLAS:** Nas fases de Final 4 non haberá trofeos, a FGBm tan só dará trofeos aos primeiros clasificados da liga regular ou de Copa, no caso da Final 4 dependerá do organizador poñelos ou non, de feito será un dos ítems

4

puntuables nas bases. Nas categorías de alevíns e benxamíns, o organizador deberá poñer 16 medallas por equipo.

O organizador debe cumprir co artigo 110 e 111 do Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM, relativo á auga para os/as deportistas, comportamento de público, etc...